




CONCELLO DE MONTERROSO





Feira de Santos (Festa de Interese Turístico Galego)

Considerada unha das maiores feiras de Galicia. As últimas investigacións din que a feira remontase 800 anos atrás, a un antigo imposto sobre o sal, aínda que os primeiros documentos oficiais dátanse no 1450.

O mercado deu orixe á vila, que se formou pola súa privilexiada situación no corazón de Galicia, e como cruce de camiños de arrieiros que comunicaban a costa galega con Castela e o resto da península.

O día un de cada mes realízase a feira, aínda que a máis popular é a de Santos, o un de novembro. Monterroso e as súas feiras son, en definitiva, unha parada obrigatoria para coñecer as tradicións e a cultura popular galega de primeira man.

Feira do queixo

Feira anual con carácter rotatorio entre os concellos da comarca de Ulloa: Monterroso, Palas de Rei e Antas de Ulla.

San Cristobo (10 de Xullo)

Bendición de vehículos na igrexa parroquial e xantar campestre na área recreativa A Peneda.

Feira de bicos (Último domingo de xullo).

Chámase así porque nestas datas era o momento no que os emigrantes regresaban e regresan ós seus lugares de orixe, e a ledicia dos encontros era celebrada cunha aperta ou cun bico. Tamén porque a principios do S. XX esta feira foi a orixe de moitos casamentos concertados na comarca, e os bicos na meixela selaban a alianza entre os recién comprometidos.

Xornadas gastronómicas da castaña (mes de outubro).

San Miguel (29 de setembro).

Festas Patronais.



CONCELLO DE MONTERROSO
Praza de Galicia, s/n - 27560
Monterroso - Lugo
(+34) 982 377 001
concello.monterroso@eidolocal.es



TELÉFONOS DE INTERÉS

Casa do concello: 982 377 001
Garda Civil: 982 377 003
GES: 669 134 784
Centro de Saúde: 982 377 759
Centro de día: 982 377 522
Parada de Taxis: 982 377 411
Colexio: 982 377 180
Instituto: 982 870 573
Espazo Lorenzo Varela: 982 377 814



Igrexa de Bidouredo

De estilo románico, cunha soa nave e ábsida rectangular (S. XII). Na portada occidental atopamos casetóns na arquivolta de medio punto, dúas ordes de columnas con capiteis de decoración vexetal e o tímpano adintelado sobre mochetas, así como a espadana dun só van.



Igrexa de San Lourenzo

Templo románico máis antigo do municipio lucense (inscripción do 1127), aínda que ten importantes reformas do S. XVIII e XIX. Na portada principal atopamos un arco de medio punto e rematada en espadana de dous corpos dun só van e balaustre de pedra. No muro norte da nave consérvanse cinco canzorros da obra románica.



A Peneda

A presenza dun antigo encoro utilizado para canalizar a auga e o posterior uso da súa forza nos muíños, foi aproveitado para a creación da primeira piscina fluvial no río Ulla. No 1982, construíronse dúas piscinas para lecer dos turistas e xentes da vila, así como unha impresionante área recreativa, composta por: zona axardinada, mesas, barbacoas,...etc. Xa nos anos 90, grazas a doazóns de diferentes veciños, foron adornando o complexo con elementos etnográficos e arqueolóxicos de moito valor.

Entre eles destacan moas, canles de muíños, hórreos de pedra, pías, e ata dous sartegos antropomorfos, posiblemente da baixa idade media.

Esta área complementase cun bar-restaurante, unha pista de tenis, un parque infantil e un camping. Así como tamén unha zona de pesca intensiva de troitas.



Igrexa de Novelúa

Asentada nun antigo castro, esta datada no S XII, XIII e reformada no S. XVIII, é unha xoia do románico galego. A portada ten un arco de medio punto abocinado, onde saen tres arquivoltas con columnas a tres ordes e uns capiteis de formas vexetais e zoomórficas moi ben rematados. A torre-campanario de tres corpos complementa este complexo arquitectónico.



Cruceiro de Lameiros

Do S. XVII(1670), situado a carón dun carballo centenario, ten dobre cara, dun lado representa a imaxe de Cristo e noutra a da Virxe das Dores. Na base podemos distinguir unhas tenazas, unha coroa de espiñas e unha caveira, referentes ó calvario de Xesús.



Pazo de Laxe

Foi construído no século XVI (1520), por Alonso de Gundín e a súa esposa e reformado no século XVIII. O conxunto arquitectónico está formado polo pazo, un pombal, un hórreo, unha fonte e unha capela adicada a Santa Lucía.

Na porta de acceso o pazo, dentro dun gran frontón triangular, atópanse escudos armeiros dos Andrade, dos Salgado e dos Gundín.

Pazos coma este foron fonte de inspiración para Emilia Pardo Bazán na súa obra máis famosa, “Os Pazos de Ulloa”, no que retrata a sociedade galega no século XIX.